

Concepción Vilas Cantelar, secretaria accidental do Concello de Ames (A Coruña)

Certifico: Que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria celebrada o día 2 de febreiro de 2017, adoptou, entre outros, o acordo que copiado é do teor literal seguinte:

"PUNTO SEGUNDO.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDIMENTO ABERTO CUN ÚNICO CRITERIO DE VALORACIÓN (FACTOR PREZO) DA OBRA CAMIÑO DE CRUXEIRAS E ENTORNO DA IGREXA DE AMES E RÚA LODEIRO. POS 2016.-

O señor alcalde informa á Xunta de Goberno Local da lista por orde decrecente da puntuación e proposta de adxudicación que formula a Mesa de Contratación no procedemento aberto para a adxudicación das obras "Camiño de Cruxeiras e entorno da Igrexa de Ames e rúa Lodeiro". POS 2016.

O acordo de clasificación de ofertas e requirimento de documentación foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar e os demais participantes no procedemento de contratación.

Unha vez presentada polo clasificado en primeiro lugar a documentación establecida no artigo 151 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, resulta procedente adxudicar a dita obra.

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, previa delegación da Alcaldía (decreto 480/2016), adopta os seguintes acordos:

Primeiro.- Adxudicar a realización da obra "Camiño de Cruxeiras e entorno da Igrexa de Ames e Rúa Lodeiro" á empresa F. GÓMEZ Y CÍA SL con CIF B-15009533, e nas seguintes condicións:

A.- Prezo: O importe da oferta do dito licitador ascende á contía de trinta e dous mil noventa e nove euros e dezasete céntimos (32.099,17.- euros) sen IVE.

B.- IVE repercutible: A contía do IVE repercutible ao tipo do 21% ascende a contía de seis mil setecentos corenta euros e oitenta e tres céntimos (6.740,83.- euros).

C.- Prazo de execución: O prazo de execución do contrato será de 6 meses, contados a partir do día seguinte ó da sinatura da acta de comprobación de replanteo, salvo que exista reserva fundada que impida o seu comezo.

D.- Nomear como director de obra e coordinador de seguridade e saúde da obra "Camiño de Cruxeiras e entorno da Igrexa de Ames e rúa Lodeiro" a Julio César Rojo Martínez.

E.- Resto de condicións: O adxudicatario deberá cumprir coas condicións fixadas nos pregos de cláusulas administrativas particulares polo que se rexeu o procedemento, así como coa proposición formulada.

Segundo.- Facultar ao alcalde-presidente do Concello de Ames para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado."

E para que conste, aos efectos oportunos, expido a presente co visto e praxe do señor alcalde en Ames, a sete de febreiro de 2017.

Vº e praxe
O alcalde

A secretaria accidental

José M. Miñones Conde